

PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE CULTURA CLÁSICA 3º DE ESO

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

CURSO 2021-2022

1.	INTRODUCCIÓN. CULTURA CLÁSICA 3º DE ESO	4
2.	CONTEXTUALIZACIÓN.	5
3.	DEPARTAMENTO.	5
4.	RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES, COMPETENCIAS CLAVE, TEMPORALIZACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN.	6
5.	AVALIACIÓN	21
	5.1.Avaliación trimestral e convocatoria ordinaria.	21
	5.2.Criterios de cualificación e corrección.	21
	5.2.1.Probas escritas	21
	5.2.2.Actitude e traballo na aula e na clase.	21
	5.3.Cualificación trimestral	22
	5.4.Avaliación final ordinaria.	22
	5.5.Avaliación da convocatoria extraordinaria.	22
	5.7.Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.	22
6.	PROGRAMAS DE REFORZO E RECUPERACIÓN.	23
	6.1.Programas de reforzo trimestrais.	23
	6.2.Programas de reforzo e recuperación da materia pendente.	23
	6.3.Programa específico para alumnado repetidor.	23
7.	CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR DE CENTRO.	23
8.	ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.	23

9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.	23
10. TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS.	23
11. EDUCACIÓN DIXITAL. ACCIÓNS DE ACORDO AO PLAN DE INTEGRACIÓN TIC.	24
12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.	24
13. PROCEDIMENTO DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	24

1. INTRODUCCIÓN. CULTURA CLÁSICA 3º DE ESO

A materia de Cultura Clásica ten como obxectivo primordial achegar o alumnado ao estudo das civilizacións grega e latina nos ámbitos literario, artístico, filosófico, científico, sociopolítico e lingüístico, de xeito que poida tomar conciencia da influencia, o mantemento e a presenza destes aspectos na cultura occidental, e comprender a súa identidade cultural, así como as manifestacións que a definen.

A través de Cultura Clásica preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e a análise sobre as bases en que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciable para os cidadáns e as cidadás de Europa.

De acordo con esta formulación, o currículo básico da materia artículase en bloques temáticos pertencentes a dous ámbitos diferentes: o ámbito lingüístico e o non lingüístico.

O ámbito lingüístico oríentase fundamentalmente a analizar a relación de parentesco entre as linguas clásicas e un bo número das que se falan na actualidade. Para iso, pártese do concepto de familia lingüística, centrando a atención na familia das linguas indoeuropeas, á que pertencen o grego e o latín e da que se deriva unha boa parte das linguas modernas. O estudo da orixe e a evolución da familia lingüística indoeuropea acompáñase coa descrición do marco histórico e xeográfico onde ten lugar a devandita evolución. En relación con este aspecto, inclúese un percorrido a través da orixe e a evolución da escritura e a súa diversidade de sistemas e alfabetos. Préstase especial atención ao importantísimo papel que o latín e o grego xogaron na configuración das linguas modernas, en especial na composición culta e na formación do léxico. O obxectivo último da materia de Cultura Clásica, neste ámbito será permitir ao alumnado afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta esma como elemento esencial para a comunicación e a adquisición de coñecementos.

No ámbito non lingüístico englobase o resto dos bloques propostos: xeografía, historia, mitoloxía, relixión, arte, sociedade e vida cotiá, e literatura. Todos eles irán enfocados a iniciar o alumnado no coñecemento dos aspectos máis característicos da cultura grecorromana, de xeito que a través do seu estudo sexa quen de analizar e comprender os trazos comúns e os que son diversos, valorar a herdanza clásica e respectar o patrimonio cultural da humanidade. Para sentar as bases deste estudo pártese da necesidade de coñecer o marco xeográfico e histórico en que se desenvolveron as civilizacións grega e romana ao longo do tempo, orixe da civilización occidental. O estudo das relixións grega e romana presta atención ás manifestacións máis significativas da relixiosidade oficial, os cultos públicos e privados, as manifestacións deportivas relacionadas, as festividades relixiosas e os valores culturais asociados a ela. Dentro deste apartado sitúase o capítulo da mitoloxía, no que se aborda a construción do imaxinario colectivo europeo, grazas ás narracións míticas e lendarias, o mundo dos deuses e dos heroes, e o seu mantemento na cultura contemporánea.

Especial atención merecen as manifestacións artísticas que nos legaron as civilizacións grega e romana, que serviron e serven de modelo a moitas das producións actuais. Entre elas cómpre salientar, por unha banda, as relativas ás artes plásticas, concretamente á arquitectura, á escultura e ás artes decorativas, e, pola outra, á literatura, cuxa configuración en xéneros determina toda a nosa tradición literaria, grazas ao acervo de temas, tópicos e recursos estilísticos empregados polos seus autores e polas súas autoras.

Dedícase un apartado á sociedade e á vida cotiá, dentro do cal se tratan aspectos como a organización política e social do mundo grecorromano, as clases sociais, a vida pública e privada, e os valores cívicos que se transmitiron á cultura occidental.

En todos os bloques de contidos vai implícito o estudo inescusable do mantemento do legado clásico na actualidade, co que se pretende analizar todos os elementos desta herdanza clásica que continúan a ser referentes na nosa cultura. Debido ao carácter de optatividade da materia de Cultura Clásica, é necesario ter en conta a flexibilidade na adecuación dos contidos ás características dos centros docentes e ao alumnado que escolla esta opción, de xeito que o seu currículo debe ter a apertura propia das materias específicas.

A comunicación lingüística é a competencia clave con máis presenza no bloque lingüístico, xa que permite descubrir as raíces grecorromanas do vocabulario das linguas que utiliza. Non obstante,

no bloque non lingüístico os propios contidos da materia fomentan, tamén, a expresión a través da comunicación textual, oral, audiovisual e dixital.

A presenza das novas tecnoloxías da información e da comunicación no mundo actual debe aproveitarse como unha vantaxe para o labor cotián na aula, traballando, deste xeito, a competencia dixital. A procura de información guiada polo profesorado facilita o desenvolvemento do espírito crítico e o achegamento persoal ao coñecemento. Nesta liña, tamén hai que salientar a importancia do traballo da competencia en aprender a aprender, xa que o alumnado está iniciándose na selección, na avaliación, na comprensión e na produción de información cada vez máis complexa. A perseveranza, os hábitos de estudo, a autonomía e o traballo en equipo son capacidades que se poden afianzar neste capítulo.

A descuberta da historia do mundo grego e do romano a través dos seus fitos máis salientables no ámbito da política, a sociedade e a vida cotiá axudarán a potenciar as competencias sociais e cívicas, así como a competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor, por medio da planificación de proxectos en equipo, reforzando os conceptos dos valores democráticos, a participación cidadá e a toma de decisións responsables.

Unha visión global da xeografía e historia de Grecia e Roma impulsará o alumnado a comprender os procesos de cambio desde o mundo antigo ata a actualidade, traballando, tamén, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, que capacitan para a análise de fenómenos complexos, o razoamento lóxico e o rigor científico.

A aproximación ás manifestacións artísticas e literarias do mundo clásico permite o desenvolvemento da competencia en conciencia e expresión culturais, xa que un dos obxectivos principais da materia é a constatación do mantemento das súas pegadas na actualidade.

A materia de Cultura Clásica pode significar para o alumnado de educación secundaria unha excelente vía de achegamento á posta en valor do noso patrimonio cultural, que se aloxa nos restos arqueolóxicos, nos museos e mesmo no contorno cotián, así como nas manifestacións máis inmateriais da cultura grecorromana, como o pensamento, as crenzas, a mitoloxía, a estética e a ética.

2. CONTEXTUALIZACIÓN.

Para os datos e circunstancias relativas á contextualización remitímonos ao PEC e a programación do Departamento de Lingua Galega.

3. DEPARTAMENTO.

Durante este curso a materia de Cultura Clásica está adscrita ao Departamento de Lingua Galega.

4. RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES, COMPETENCIAS CLAVE, TEMPORALIZACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN.

Cultura Clásica. 3º de ESO CPI dos Dices Curso 2021-2022						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temp	Grao mínimo
	Bloque 1. Xeografía					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA 	1º e 2º T	Localiza nun mapa enclaves relevantes da civilización grega e romana.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB1.2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CAA 	1º e 2º T	Enumera parte do marco xeográfico da civilización grega e romana.
	Bloque 2. Historia					

<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. ▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B 2 . 1 . Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB2.1.1. S a b e enmarcar determinados feitos históricos na s civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSC 	<p>1º, 2º e 3º T</p>	<p>Sitúa nunha liña do tempo os feitos históricos máis relevantes de cada etapa.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ e ▪ g ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. ▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais feitos asociados a cada unha delas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSC 	<p>1º, 2º e 3º T</p>	<p>Coñece polo menos unha característica relevane de cada período histórico de Grecia e Roma.</p>
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB2.2.2. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC 	<p>2º T</p>	<p>Recoñece algún dos elementos de transición entre o dominio grego ao romano.</p>
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen feitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC 	<p>1º, 2º, 3º T</p>	<p>Elabora unha liña do tempo de fitos históricos consultando documentación.</p>

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un a s conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSC 	1º, 2º e 3º T	Recoñece algunha conexión importante entre períodos históricos gregos e romanos con outras civilizacións.
ñ o	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. ▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCL 	2º T	Explica a romanización da Gallaecia.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB2.3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL 	2º T	Recoñece algún aspecto importante do proceso de romanización da Gallaecia.
	Bloque 3. Mitoloxía					

<ul style="list-style-type: none"> ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. O panteón grego e romano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB3.1.1. P o d e nomear coa s ú a denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que o s caracterizan, o s se u s atributos e o seu ámbito d e influencia, explicando a s ú a xenealoxía e establecend o a s relacións entre os diferentes deuses. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCEC ▪ CCL 	<p>1º T</p>	<p>Coñece os deuses máis importantes do panteón grego e romano.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ a ▪ b ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Mitos grecolatinos. Os heroes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL 	<p>1º, 2º, 3º T</p>	<p>Coñece os heroes grecolatinos máis importantes</p>
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD 	<p>1º, 2º, 3º T</p>	<p>Sinala algúñas semellanzas e diferenzas entre mitos da antigüidade clásica e outras culturas.</p>

		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB3.2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSC 	1º, 2º, 3º T	Recoñece algún exemplo do mantemento da figura do heroe clásico na nosa cultra.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB3.2.4. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CD 	1º, 2º, 3º T	Recoñece algunhas referencias mitolóxicas na arte.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ I ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Relixión grega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CCEC 	1º, 2º, 3º T	Compara algúns aspectos da relixiosidade grega coa doutras culturas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Relixión romana: culto público e privado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CCEC 	2º T	Distingue entre culto público e privado na Roma clásica.
	Bloque 4. Arte					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ I ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Fundamentos da arte clásica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCEC 	1º, 2º, 3º T	Recoñece algún trazo básico da arte clásica nas manifestacións actuais.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCEC 	1º, 2º, 3º T	Sitúa nunha liña do tempo fitos da arte grecolatina.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ I 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B 4 . 2 . Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B 4 . 2 . Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais da arquitectura grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razonar a súa resposta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CMCCT ▪ CD 	1º, 2º T	Recoñece algunhas características da arquitectura grega.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ I 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CMCCT ▪ CD 	1º, 2º, 3º T	Recoñece algunhas esculturas gregas e romanas e encádraas nun período histórico.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ I ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B 4 . 4 . Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB4.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCEC 	2º, 3º T	Describe algunhas das principais obras públicas romanas.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B 4 . 5 . Herdanza clásica no patrimonio artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ C C B 4 . 5 . 1 . Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CCEC ▪ CMCCT 	1º, 2º, 3º T	Localiza nun mapa algún dos principais monumentos clásicos galegos, españois e europeos.
	Bloque 5. Sociedade e vida cotiá					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B 5 . 1 . Organización política en Grecia e en Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ C C B 5 . 1 . 1 . Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL 	1º, 2º, 3º T	Coñece e define algún dos sistemas políticos da antigüidade.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B 5 . 2 . Sociedade en Grecia e Roma : clases sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ C C B 5 . 2 . 1 . Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CCL 	1º, 2º, 3º T	Coñece as clases sociais da Grecia e Roma clásicas e algunha das súas características.

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB5.2.2. Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCL 	1º, 2º, 3º T	Coñece algunha das características da evolución das sociedades grega e romana.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. A familia en Grecia e Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándo os cos actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL 	1º, 2º, 3º T	Coñece algúns dos papeis dos membros da familia en Grecia e Roma.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB5.4.1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CCL 	1º, 2º, 3º T	Coñece algún trazo da vida cotiá en Grecia e Roma.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB5.4.2. Identifica e describe formas de traballo e relacións co coñecemento científico e técnico da época, e explica a súa influencia no progreso da cultura occidental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCL 	1º, 2º, 3º T	Sabe identificar algunha das formas de traballo de Grecia e Roma.

▪ d	▪ B 5 . 5 . Espectáculos públicos en Grecia e Roma.	▪ B 5 . 5 . Identificar as principais formas de lecer da antigüidade.	▪ CCB5.5.1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a s ú a finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función n o desenvolvemento da identidade social.	▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCL	1º, 2º, 3º T	Describe algunhas formas de lecer en Grecia e Roma.
▪ ñ	▪ B5.5. Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.	▪ B 5 . 6 . Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais.	▪ CCB5.6.1. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándo os e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta os e u mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso.	▪ CD ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCL	1º T	Coñece a orixe dos xogos olímpicos e establece unha conexión cos actuais.
	Bloque 6. Lingua e literatura					
▪ e	▪ B6.1. Historia da escritura. Signos e materiais.	▪ B6.1. Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as s ú a s funcións.	▪ CCB6.1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifícaos consonte s ú a natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen.	▪ CD ▪ CCEC ▪ CCL	1º T	Coñece os distintos tipos de escritura.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoo dos outros tipos de escrituras, e explica a súa orixe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL 	1º T	Coñece a orixe dos alfabetos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.3.1. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CCEC ▪ CCL 	1º T	Coñece a influencia do alfabeto grego e latino nos actuais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.4.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSC 	1º T	Coñece o marco xeográfico do indoeuropeo.

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.4.2.Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando c o n exemplos os elementos q u e evidencian do xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	1º T	Coñece a orixe común das linguas románicas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B 6 . 4 . As linguas romances. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B 6 . 5 . Identificar as linguas europeas romances e n o n romances, e localizalas nun mapa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.5.1. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciand o pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL ▪ CCA 	1º T	Localiza nun mapa varias linguas románicas e non románicas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B 6 . 5 . Composición e derivación culta de orixe grega e latina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B 6 . 6 . Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.6.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos m á i s frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o s e u significado a partir do termo de orixe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCA 	1º, 2º, 3º T	Recoñece e traduce o significado dalgúns latinismos e helenismos frecuentes.

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.6.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCA 	1º, 2º, 3º	Coñece o significado dalgúns palabras a partir dos seus étimos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.6. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.7. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.7.1. Identifica e diferencia cón seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCA ▪ CCL 	1º, 2º, 3º T	Coñece a diferenza entre palabras cultas, semicultas e patrimoniais.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.7.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL 	1º, 2º, 3º	Coñece algunhas locucións latinas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ l ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.7. Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.8. Facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.8.1. Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCA 	1º, 2º, 3º	Coñece algúns pasos evolutivos do latín ao galego.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.8.2. Realiza evolucións do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCA ▪ CCL 	1º, 2º, 3º	Realiza evolución dalgúns palabras aplicando algunha regra frecuente.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.8. Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.9. Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de o r i x e grecolatina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.9.1. Explica a partir da súa etimoloxía termos de o r i x e grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos c o n propiedade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCA 	1º, 2º, 3º	Coñece a orixe dalgúns temos da linguaxe técnico-científica de orixe grega e latina.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.9. Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B 6 . 1 0 . Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.10.1. Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados d a s primeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCA 	1º, 2º, 3º T	Sabe identificar o influxo do latín e o grego no galego nalgúns elementos léxicos, morfolóxicos e sintácticos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B 6 . 1 0 . Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.11. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.11.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñece a súa influencia na literatura posterior. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CCA 	2º, 3º T	Coñece algún dos xéneros literarios grecolatinos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B 6 . 1 0 . Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B 6 . 1 2 . Coñecer os f i t o s esenciais d a s literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.12.1. Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL 	1º, 2º, 3º	Coñece algúns dos autores clásicos máis relevantes.
	Bloque 7. Pervivencia na actualidade					

<ul style="list-style-type: none"> ▪ I ▪ n ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B . 7 . 1 . Civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B 7 . 1 . Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB7.1.1. Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e noutra época mediante exemplos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	1º, 2º, 3º T	Sinala algúns aspectos básicos da cultura grecolatina que perviviron ata a actualidade.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ I ▪ n ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Mitoloxía e temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB7.2.1. Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC 	1º, 2º, 3º T	Recoñece algún mito na arte actual.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ I ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B 7 . 3 . Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB7.3.1. Enumera e explica algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	1º, 2º, 3º T	Identifica algún aspecto relevante da historia grecorromana na actualidade.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.4. Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.4. Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para recabar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA 	1º, 2º, 3º T	Procura información para documentarse sobre algún aspecto da pervivencia da cultura clásica na actual.
--	--	---	--	---	--------------	--

5. AVALIACIÓN

5.1.Avaliación trimestral e convocatoria ordinaria.

Como xa sabemos, a avaliación ten unha finalidade formativa (esencial no proceso de ensino-aprendizaxe) e asemade esta valoración do rendemento escolar do alumnado debe atribuír unha cualificación. Esta última dimensión ten unha repercusión inmediata na promoción e mesmo na orientación académico-profesional, polo que procuraremos que sexa o máis obxectiva posible, o que, polo demais, constitúe un dereito do alumnado.

5.2.Criterios de cualificación e corrección.

5.2.1.Probas escritas

Realizaranse dúas probas escritas cada avaliación, que serán valoradas de 1 a 10 cunha ponderación do 100% da nota desa avaliación. Para ser avaliado positivamente, o alumnado debe obter en cada unha das probas unha nota mínima de 4 puntos.

Datas aproximadas das probas escritas:

1ª) 2ª quincena de outubro.

2ª) 1ª quincena de decembro.

3ª) 1ª quincena de febreiro.

4ª) 2ª quincena de marzo.

5ª) 2ª quincena de abril.

6ª) 1ª quincena de xuño.

5.2.2.Actitude e traballo na aula e na clase.

Polo que respecta ao traballo e actitude na aula cada acción que represente unha actitude negativa cara ao traballo esixido subtraerá 0.25 da puntuación das notas escritas. Neste apartado inclúese a valoración do caderno de clase que poderá ser solicitado polo profesor en calquera momento. As intervencións na clase, cando así se determine serán valoradas con 0,25 que se engadirá á nota media das probas escritas. A nota dos traballos (de carácter voluntario) será de ata 1 punto que se incrementará ao da media das probas escritas.

O alumnado que o desexe podera solicitar ser avaliado por traballos cuxa presentación debe acordar co profesor.

5.3.Cualificación trimestral

En ambas opcións a cualificación trimestral redondearase ao enteiro superior cando supere 1/2 de punto. Deste xeito unha cualificación de 6.8 asimilarse a un 7. Cando a cualificación sexa igual ou inferior ao 1/2 punto redondearase ao enteiro inferior. Deste modo unha cualificación de 5.4 reflectirase como un 5 na cualificación da avaliación.

5.4.Avaliación final ordinaria.

A cualificación final na avaliación ordinaria será a media das tres avaliacións trimestrais (antes de aplicar o redondeo previsto no apartado anterior). Con carácter xeral, para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións. Non obstante, pode superarse a materia cunha avaliación suspensa ou dúas avaliacións suspensas se a cualificación destas é igual ou superior a 4 puntos e a media das tres sexa igual ou superior a 5.

5.5.Avaliación da convocatoria extraordinaria.

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, poderá realizar unha proba no mes de xuño ou setembro, nas datas establecidas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de acordo co calendario e horario fixado polo centro. Esta proba escrita será cualificada de 1 a 10 puntos e representará o 100% da cualificación final.

5.6.Probas de recuperación.

O alumnado que obteña unha cualificación inferior a 5 deberá realizar a correspondente proba de recuperación. A nota da proba representará o 70 % da cualificación á que se lle engadirá a dos outros dous apartados dese trimestre.

As probas de recuperación terán lugar, de xeito aproximado, nas seguintes datas:

- A da primeira avaliación, nos primeiros quince días lectivos do 2º trimestre.
- A da segunda avaliación, nos 15 primeiros días do 3º trimestre.
- A da terceira avaliación, no últimos días lectivos do curso.

5.7.Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Para atender á diversidade de niveis de coñecemento e de posibilidades de aprendizaxe, é dicir, para adecuar o ensino á aprendizaxe e para facer compatibles a comprensividade e a diversidade, ofreceranse en cada unidade novas actividades, á parte das de ampliación e as de reforzo, e que polo seu propio carácter dependen da aprendizaxe do alumnado para decidir cales, en que momento e como se van desenvolver, xa que non todas son igualmente válidas para todo o alumnado.

6. PROGRAMAS DE REFORZO E RECUPERACIÓN.

6.1. Programas de reforzo trimestrais.

O alumnado cuxa cualificación fose inferior a 5 puntos no apartado das probas escritas recibirá material de apoio que incidan nos bloques de contido nos que amose máis necesidade de reforzo. Unha vez realizadas as tarefas e feito o seguimento correspondente o alumnado deberá presentarse ás probas de recuperación segundo o establecido no apartado 13.3 desta programación.

6.2. Programas de reforzo e recuperación da materia pendente.

Non hai alumnado nesta situación, xa que ameteria non se imparte no curso anterior.

6.3. Programa específico para alumnado repetidor.

Non hai alumnado nesta situación.

7. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR DE CENTRO.

Na materia de Cultura Clásica leranse textos de autores clásicos incidindo en temas e tópicos universais e vinculándoos cos presentes na literatura contemporánea.

8. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

No noso centro, segundo se recolle no Plan de convivencia e na Memoria Anual, non hai problemas graves neste punto e as condutas disruptivas son moi illadas. O Departamento transmite as liñas marcadas dende a dirección, difunde os puntos esenciais das NORF, potencia as medidas que faciliten a orde, a disciplina e o respecto mutuo e participa en todas as campañas nas que é solicitado para o cumprimento do Plan de convivencia do centro.

9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.

- Colaborar con Equipo de Normalización Lingüística do centro en calquera das actividades que promova.
- Contribuír a un tratamento integrado das linguas en colaboración cos demais departamentos lingüísticos do centro.

10. TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS.

Criterios metodolóxicos básicos.

Co obxectivo de fomentar o uso das diferentes linguas e que o alumnado se adapte ás diversas situacións comunicativas e tipoloxías textuais, en contextos tanto formais ou académicos como sociais e cotiáns, traballarase a corrección ortográfica, morfolóxica e sintáctica, con riqueza léxica, frases elaboradas e diferentes conectores textuais.

En todo caso cunha metodoloxía participativa e cooperativa que permita mostrar as súas producións orais e escritas, procurando a súa mellora e avance, facilitando a autoavaliación e espírito crítico.

11. EDUCACIÓN DIXITAL. ACCIÓNS DE ACORDO AO PLAN DE INTEGRACIÓN TIC.

Segundo o artigo 39 do Decreto 85/2015 relativo á educación dixital a consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.

Neste sentido, a materia de Cultura Clásica atópase dentro do programa Edixgal e a aula na que se imparte conta con equipo multimedia para impartila.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Non se contemplan para esta materia.

13. PROCEDEMENTO DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				x
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				x
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				x
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				x
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				x
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				x
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				x
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				x
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].				-
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				x
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.			x	
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).			x	

13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				x
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				x
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				-
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				x
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				x
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				x
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].				x
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				x
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				x
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				x
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				x
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				x
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.			x	
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				x
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				x
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				x
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				x
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				x

En Rois, a 11 de outubro de 2021

Asdo. Luís Gómez Aldegunde

A handwritten mark or signature in blue ink, consisting of a vertical line on the left, a horizontal line crossing it, and a wavy line extending to the right.